

XUNTA DA FACULTADE DE DEREITO DE OURENSE ACORDOS ADOPTADOS NA REUNIÓN ORDINARIA DO DÍA 31 DE OUTUBRO DE 2013

1.- Acórdase por asentimento:

- (i) Aprobar a acta da reunión ordinaria da Xunta de Facultade do día 11 de setembro de 2013, coa rectificación dun erro material no encabezamento da acta –onde di “11 DE XUÑO DE 2013” debe dicir “11 DE SETEMBRO DE 2013”-.
- (ii) Aprobar o Plan de Acción Titorial para o curso académico 2013-2014, coa incorporación do Prof. González-Ares Fernández.
- (iii) Designar ao Prof. Rodríguez Vázquez como novo coordinador do Máster Universitario en Avogacía da Facultade de Dereito para suplir á baixa maternal da Profª. Fernández Fustes, a proposta do Sr. Decano.
- (iv) Renovar as Comisións Delegadas da Xunta de Facultade para a cobertura das vacantes producidas:
 - a. Na Comisión de Validacións, apróbase que a Prof.ª Martínez García cubra a vacante da Prof.ª Menor Conde e a alumna D.ª Soraya Martín Barreiro a do alumno Jacobo Calixto Varela Ruibal.
 - b. Na Comisión Académica do Máster da Avogacía, apróbase que a Prof.ª Fernández Prol cubra a vacante do Prof. Michinel Alvarez.
- (v) Aprobar, dentro da programación de Extensión Universitaria da Facultade con financiamento das axudas da Vicerreitoría de Extensión Universitaria para actividades académicas e de difusión cultural do 2013, as actividades organizadas pola Profª. Fernández Fustes -"Xornadas sobre mediación e tutela xudicial efectiva"- e polo Prof. Bonorino Ramírez -"Liga de debates"- e repartir a axuda a partes iguais entre as dúas actividades.
- (vi) Aprobar os orzamentos da Facultade do ano 2013.
- (vii) Aprobar os informes provisionais de seguimento do Grao en Dereito e do Máster en Información Técnica do Medicamento do curso académico 2012-13.
- (viii) Delegar na Comisión Permanente a aprobación dos informes finais de seguimento do Grao en Dereito e do Máster en Información Técnica do Medicamento do curso académico 2012-13.

2.- Acórdase por maioría:

- Ratificar o acordo adoptado pola Comisión Académica do Máster en Dereito Urbanístico e do Medio (DUMA) de suspender o Máster para o presente curso académico 2013-2014 e non ratificar o acordo da devandita Comisión de que se manteña a súa oferta e a posibilidade da súa impartición para o curso 2014-2015.

Ourense, 4 de novembro de 2013

A secretaria

Decanato
Facultade de Dereito
Universidade de Vigo
Marta Fernández Prieto